
FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA

Memoria anual 2019

www.fundacionamigosdegalicia.org



FUNDACIÓN
AMIGOS DE GALICIA

Índice de contidos

1. Introducción – Misión, visión, valores.
2. Padroado Reitor.
3. Quenes somos
4. Cifras FAG.
5. Proxectos 2019
 - 5.1. Plan Integral de **Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social**
 - 5.2. Programas polo **Fomento do Emprego**
 - 5.3. Programas de atención a **Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero e/ou situación de vulnerabilidade** e Programas polo **Fomento da Igualdade**
 - 5.4. Programas de **Protección da Infancia**
 - 5.5. Pago de **tratamentos médicos** a menores
 - 5.6. Sensibilización en **centros escolares**
 - 5.7. Programa para **persoas maiores de 65 anos** que residen soas
 - 5.8. Programa de **Voluntariado**
6. **Cultura Galega**
 - 6.1. Grelo de Ouro
 - 6.2. Premio Nacional de Gastronomía Tradicional Lola Torres.
7. **Contacto**

Anexo I. Concellos con actuación FAG

Introdución

A **Fundación Amigos de Galicia** é unha **entidade sen fins lucrativos** (Lei 49/2002) tal e como se mostra nos seus Estatutos, rexistrada como **Entidade Prestadora de Servizos Sociais nº E-2199**.

Tamén está rexistrada como **organización Non Gubernamental para o Desenvolvemento D-32 no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación, no Rexistro de Entidades de Interese Galego co nº 28 (1995/5)**, e acollida á Lei de Mecenado e no **Rexistro de Entidades Culturais co nº 36**.

A Entidade conta coa **Axencia de Colocación Emprego Galicia** aprobada pola **Xunta de Galicia**, con número de **Expediente 2012/017 e Número de Identificación 120000013**.

Cabe destacar que as **contas da Entidade están auditadas pola empresa Galicontrol, S.L.**

O principal **ámbito de actuación atópase no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia** principalmente, realizando accións puntuais tanto en España coma no estranxeiro.



Misión, Visión e Valores

1. Misión

Atención ás persoas en situación ou risco de exclusión social, promovendo a súa inserción no mercado de traballo.

2. Visión

A visión é a dunha entidade social, consolidada e afincada en Galicia cuxo baluarte é a infancia en situación de risco de exclusión social.

3. Valores

Equidade, transparencia, participación social, enfoque de xénero e respecto á diversidade.

Padroado Reitor

PRESIDENTE DE HONRA

Ramiro Carregal Rey

PRESIDENTE

Miguel Villar Costoyas

SECRETARIO

Ramiro José F. Varela Cives

VICEPRESIDENTE (A CORUÑA)

José Andrés García Cardeso

VICEPRESIDENTA (PONTEVEDRA)

M^a del Pilar Valiño Prieto

VICEPRESIDENTA (LUGO)

Gloria Rodríguez Moirón

VICEPRESIDENTE (OURENSE)

Saturnino Cuquejo Iglesias

TESOUREIRO

Antonio Costa Sánchez

VOGAL

María Dolores Couceiro Pérez

VOGAL

Alfredo Garrido González

VOGAL

Carmen Garrido Torres

VOGAL

José Domingo González Bahillo

VOGAL

María del Pilar Goris Barros

VOGAL

Mercedes Piñeiro Díaz

VOGAL

Emilio Santasmarinas Raposo



Quenes somos

Organigrama Fundación Amigos de Galicia



Colaboracións - 2019

Ademais do persoal, a Fundación Amigos de Galicia conta coa indispensable labor e colaboración de:



A FAG en cifras

Loita contra a Pobreza

37.456 atencións a persoas en risco de exclusión social, das cales **13.480 foron dirixidas a menores**.

Necesidades Básicas

Durante o 2019 entregamos **1.108.250€ en alimentos de primeira necesidade**.

Necesidades Básicas

669.267,4 kg de alimentos de primeira necesidade entregados.

Emprego

En 2019 a entidade realizou **9.283 atencións** de orientación laboral conseguindo a **inserción de 837 persoas**.

Tratamentos médicos

10.684,30€ destinados ao pago de **tratamentos médicos** de nenas e nenos galegos.

Muller

312 mulleres en situación de vulnerabilidade e/ou VVX, conseguindo a **inserción laboral de 125**.

Infancia

A FAG atópase personada como acusación popular en casos de menores desprotexidos de **Cambados, Cospeito, Ourense, Mondoñedo, Valga, Vedra**.

Sensibilización

A FAG impartiu talleres dirixidos a máis de **25.800 escolares galegos/as** sobre a sensibilización en voluntariado e a educación en igualdade.

Voluntariado

475 persoas colaboraron en **accións de Voluntariado** nas actividades levadas a cabo pola entidade.



FUNDACIÓN
AMIGOS DE GALICIA

PROXECTOS FAG 2019



Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social



Servizo de Orientación Laboral e Formación



Programas para Mulleres VVX ou en situación de Vulnerabilidade



Protección da Infancia




Programa de Voluntariado




Cultura Galega

Plan Integral de Loita Contra a Pobreza e a Exclusión Social de Galicia

A Fundación Amigos de Galicia realizou no ano 2019 **37.456 atencións a persoas en risco de exclusión social**, das cales **13.480 foron dirixidas a menores**.



** Evolución de atencións da Fundación Amigos de Galicia dende o ano 2012 ao ano 2019



A poboación infantil e adolescente, as persoas con discapacidade, as persoas con escasa formación, as persoas desempregadas, as mulleres que sofren violencia de xénero ou se atopan en situación de vulnerabilidade, así como o colectivo migrante conforman colectivos da sociedade expostos a un maior risco de pobreza ou exclusión social.

Neste eido, **avanzar na erradicación da pobreza e combater as discriminacións e desigualdades son obxectivos necesarios para garantir a protección das persoas en situación vulnerable.**

En Galicia, segundo os datos oficiais máis recentes- ano 2018-, o 23% do da poboación atópase en risco de pobreza e/ou exclusión social. De esta forma, 508.000 persoas atópanse nesta situación. Neste ano, a pobreza severa alcanza ao 4,8% da poboación galega, polo que 128.000 persoas viven nesta situación.

Ademais, a meirande parte destas familias contan con menores a cargo, conformando o 23% dos fogares de Galicia, fronte ao 16% dos que non teñen fillos e fillas.

Tampouco é sinxela a situación das familias monoparentais – na súa maioría representadas por mulleres – xa que representa o 23%.

CIFRAS FAG 2019

37.456 atencións a persoas en risco de exclusión social, das cales 13.480 foron a menores.

Co obxectivo de loitar contra a pobreza e a exclusión social, Fundación Amigos de Galicia desenvolve diferentes programas enmarcados dentro do **Plan Integral de Loita contra a Pobreza e Exclusión Social** para cubrir as necesidades básicas das persoas carentes de recursos económicos de Galicia, principalmente cando nestes fogares hai menores a cargo.

O Programa cubre as necesidades básicas de:

- **Alimentación** – mediante a entrega de produtos alimenticios perecedoiros e non perecedoiros a cada unidade familiar de modo mensual no seu municipio.
- **Vestimenta e calzado.**
- Produtos de **hixiene persoal e limpeza do fogar.**
- **Mobiliario e enseres do fogar.**
- **Material escolar.**
- **Xoguetes.**
- Pago de **necesidades concretas** en función de cada unidade familiar.

Este Programa vai dirixido a persoas que se atopan en risco de exclusión social, entendendo que a exclusión social pode deberse a unha falta de ingresos debida a factores como a perda dun emprego ou a dificultade para acceder ao mesmo, a ausencia de redes familiares e sociais, a existencia de diversidade funcional, a carencia dunha vivenda digna, etc.

Os principais colectivos atendidos son:

- Familias con dificultades económicas.
- Familias monoparentais.
- Mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Parados/as de longa duración
- Persoas con familiares dependentes ao seu cargo.
- Inmigrantes.
- Emigrantes.

Todas as familias atendidas contan cun informe social realizado por traballadores/as sociais contratados/as para tal fin pola entidade; ou son derivadas polos Servizos Sociais dos concellos cos que se mantén convenio de colaboración ou de outros organismos públicos.

Todas as actuacións realizadas son completamente gratuítas para as persoas usuarias.

O Plan Integral en cifras

37.456 atencións a persoas en risco de exclusión social, das cales 13.480 foron a menores.

O Plan Integral en cifras

Atencións por provincias:

A Coruña 6.549 - Lugo 8.306
Ourense 5.269 - Pontevedra 17.332

O Plan Integral en cifras

Durante o 2019 entregamos 1.108.250€ en alimentos de primeira necesidade.

O Plan Integral en cifras

669.267,4 kg de alimentos de primeira necesidade entregados durante o 2019.



O

Programas desenvolto na Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social

- **Programa de Primeira Atención, inmediata, a persoas en situación de necesidade urxente. Subvencións destinadas á realización de programas de Interese Xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF. Ano 2019**

Este programa financia a primeira atención, de carácter inmediato, coas persoas en situación de urxencia, cubrindo as súas necesidades básicas.

O Programa contempla:

- Entrega de paquetes alimenticios.
- Entrega de produtos de vestimenta e/ou calzado.
- Entrega de produtos de hixiene persoal.
- Cobertura de outras necesidades básicas.
- Outros apoios sociais que precisen.

Para levar a cabo este Programa a entidade contou co apoio económico da Consellería de Política Social de 103.732,45€.

Número total de persoas beneficiarias:

475 u. familiares - 1.318 usuarios/as.

- **Plan de Cobertura de Necesidades Alimenticias ás familias en situación de carencia de recursos económicos con residencia nalgún concello de Galicia.**

Mediante o Plan de Cobertura de necesidades alimenticias ás familias en situación de carencia de recursos económicos con residencia nalgún concello

de Galicia, se garante a cobertura das necesidades alimenticias das persoas en situación de carencia e/ou limitación de recursos económicos, garantindo as necesidades nutricionais dos menores.

Usuarios/as: 4.150 persoas de modo anual.

Para levar a cabo este Programa durante o 2019 a entidade contou co apoio económico da Consellería de Política Social de 41.500€.

- **Plan de Cobertura de Outras Necesidades Básicas, non alimenticias en familias sen recursos.**

Mediante o Plan de Cobertura doutras necesidades básicas ás familias en situación de carencia de recursos económicos con residencia nalgún concello de Galicia, se garante a cobertura doutras necesidades básicas das persoas, garantindo necesidades tales como a vestimenta e calzado, a hixiene e aseo persoal, o mobiliario e outros enseres do fogar, o material escolar axeitado para a volta ó cole, así como o pago de suministros básicos...

Fundación Amigos de Galicia atendeu mediante o desenrolo deste proxecto, máis de 3.800 persoas no 2019.

Para levar a cabo este Programa a entidade contou co apoio económico da Consellería de Política Social de 38.000€.

Outras actuacións da FAG na Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social

Reparación de Vivendas

Dentro do Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social levado a cabo pola entidade, a Fundación Amigos de Galicia presta axuda a familias galegas, principalmente con menores a cargo que se atopan en situación de dificultade económica, e que precisan axuda na rehabilitación da súa vivenda para poder vivir nun fogar digno.

Para iso a entidade faise cargo do servizo de albanelería entrega de mobiliario e electrodomésticos, etc.

A maiores de aportar materiais, a entidade tamén faise cargo da adecuación de habitacións en fogares para que todas as familias, especialmente as que teñen menores a cargo poidan vivir en dignidade.

Durante o ano 2019, a entidade axudou na reparación en vivendas en:

- Arranxo dunha vivenda en **Moaña**.
- Arranxo de tellado, electrodomésticos e mobiliario na casa de Tatiana Albes, en **Camelle, Camariñas**.
- Instalación dunha cociña, quentador, e frigorífico en **A Baña**.
- Arranxo dun Tellado en **Vilanova de Arousa** a unha familia con dous menores a cargo afectados por un incendio.

A maiores, a entidade entregou mobiliario e electrodomésticos nos concellos de **A Baña, Cambados, Chantada, Moraña, Ourense, Outeiro de Rei, Ponte Caldelas, Pontevedra, Rianxo, Ribadumia, Riveira, Santiago de Compostela, Verín, Vilagarcía de Arousa**.



Arranxo de tellado en Vilanova de Arousa



Arranxo da vivenda de Tatiana Albes en Camelle

Outras actuacións da FAG na Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social

Colaboración con outras entidades


A Fundación Amigos de Galicia colabora con outras entidades de carácter social como comedores sociais, residencias de maiores, centros de educación especial, etc. mediante a entrega de alimentos mercados pola entidade ou doados por empresas colaboradoras.

Centro Cristiano de Bertamiráns	Ames	95,00 Kg
Asilo de Caldas. Hermanitas Ancianos Desamparados	Caldas de Reis	111,00 Kg
Asilo de Cambados	Cambados	9.026,55 Kg
Asociación Maluma O Grove	O Grove	827,00 Kg
Fundación San Rosendo	Ourense	776,00 Kg
Albergue San Vicente de Paul Calor y Café	Pontevedra	8,40 Kg
Centro Reto a la Esperanza	Pontevedra	140,00 Kg
Fundación Amigos de Galicia (Pontevedra)	Pontevedra	189,00 Kg
Rexurdir Provincial	Pontevedra	18,80 Kg
Beneficiarios Riveira	Riveira	6,40 Kg
Fundación Érguete-Integración	Vigo	480,00 Kg
Asociación Bata	Vilagarcía de Arousa	494,45 Kg
Asociación con Eles	Vilagarcía de Arousa	741,50 Kg
Asociación Princesa Letizia AMENCER	Vilagarcía de Arousa	465,66 Kg
Cáritas Interparroquial de Arousa	Vilagarcía de Arousa	155,80 Kg
Fundación Aldaba	Vilagarcía de Arousa	441,00 Kg
Reto a la esperanza	Vilagarcía de Arousa	1.348,00 Kg

Fomento do Emprego

Mellorar a empregabilidade, a busca activa de emprego e a inserción laboral das persoas que teñen dificultades para a integración laboral, é a liña de actuación principal que Fundación Amigos de Galicia está a levar a cabo nos últimos anos.

Insercións Laborais FAG 2019 - 837



+ 13 fóra de Galicia

Esta é a liña pola que Fundación Amigos de Galicia apostará no futuro tendo en conta que un emprego digno é a mellor axuda ás persoas que se atopan en risco de exclusión social.

En Fundación Amigos de Galicia somos conscientes de que o acceso ao emprego é a principal ferramenta que teñen as persoas para poder obter recursos cos que ser independentes e poder satisfacer as súas necesidades.

Por este motivo, Fundación Amigos de Galicia conta co Servizo de Orientación Laboral que realiza accións encamiñadas á inserción laboral e formación de persoas en idade laboral en Galicia

Os **obxectivos** do servizo son:

- Actualizar e activar o currículo vitae de cada demandante.
- Optimizar a oferta formativa existente.
- Compatibilizar a demanda da persoa coa oferta existente.
- Ofrecer un sistema de información que permita coñecer ás persoas usuarias o seu nivel de cualificación e o seu potencial laboral.

Fundación Amigos de Galicia está constituída como **Axencia de Colocación con ID 1200000013**; e como **Entidade Colaboradora do Servizo Público de Emprego de Galicia**.

Emprego

En 2019 a entidade realizou **9.283 atencións** de orientación laboral conseguindo a **inserción de 837 persoas**.

Destas insercións, 175 foron a persoas da provincia de A Coruña, 344 da provincia de Ourense, 299 da provincia de Pontevedra e 6 da provincia de Lugo. Ademais, realizáronse 13 insercións fóra de Galicia.

Este servizo consta de tres tipo de accións:

- A **orientación laboral** e deseño de Itinerarios Personalizados de Inserción Laboral, o cal consiste en realizar un plan de accións en función do perfil persoal, profesional e académico, para unha correcta busca activa de emprego.
- **A formativa**, na cal se ofertan cursos e obradoiros impartidos pola propia entidade, e outras entidades para a integración laboral das persoas en risco de exclusión social.
- **Accións de inserción laboral**, nas cales os/as técnico/as de emprego realizan accións de prospección no mercado de traballo e de intermediación laboral coas empresas. A Entidade mantén convenios de colaboración con empresas privadas galegas que permiten a incorporación laboral dos/as usuarios/as da Entidade.

Programas desenvolto no Fomento do Emprego

Axencia de Colocación

A Fundación Amigos de Galicia, conta coa Axencia de Colocación con I.D. 1200000013, Emprego Galicia, autorizada pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

Atencións 2019: 4.596

Insercións 2019: 416



Entidade Colaboradora do Servizo Público de Emprego de Galicia

Este servizo atópase dentro das subvencións a entidades para a contratación de persoal técnico de orientación laboral. **Consellería de Economía, Emprego e Industria.**

A entidade conta con catro centros:

- **Santiago de Compostela** – Avda. de Lugo, 115
- **Ourense** - Avda. de Portugal, 59
- **Vilagarcía de Arousa** – Avda. Matosinhos, 2
- **Pontevedra** – Edificio Administrativo Benito Corbal

Atencións 2019:

O. Santiago de Compostela	1.114
O. Pontevedra	1.371
O. Ourense	1.327
O. Vilagarcía de Arousa	875
<u>Total</u>	<u>4.687</u>

Insercións 2019:

O. Santiago de Compostela	116
O. Pontevedra	90
O. Ourense	172
O. Vilagarcía de Arousa	43
<u>Total</u>	<u>421</u>

Subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

- **Itinerarios personalizados de inserción sociolaboral/exclusión Pontevedra.**

Dentro deste proxecto, Fundación Amigos de Galicia oferta itinerarios de inserción personalizada a persoas en situación ou risco de exclusión ou perceptores de RISGA do Concello de Pontevedra.

- **Itinerarios personalizados de inserción sociolaboral/persoas inmigrantes Pontevedra.**

Dentro deste proxecto, Fundación Amigos de Galicia ofertou itinerarios de inserción personalizada a persoas inmigrantes do concello de Pontevedra.

- **Itinerarios personalizados de inserción sociolaboral/persoas inmigrantes Ourense.**

Dentro deste proxecto, Fundación Amigos de Galicia oferta itinerarios de inserción personalizada a persoas inmigrantes de Ourense.

- **Itinerarios personalizados de inserción sociolaboral/exclusión social Ourense.**

Dentro deste proxecto, Fundación Amigos de Galicia oferta itinerarios de inserción personalizada a persoas en situación ou risco de exclusión ou perceptores de RISGA do Concello de Ourense.

Os itinerarios de inserción personalizada contemplan: deseño de itinerario de inserción personalizada, valoración social individual, revisión de obxectivos ou actuacións, seguimento do itinerario, medidas de acompañamento e orientación social e/ou laboral, técnicas de busca de emprego, intermediación laboral, coordinación con outros dispositivos de atención, formación en contidos teóricos prácticos e formación ocupacional, prospección na empresa, información sobre o mercado de traballo e captación de ofertas.

Para levar a cabo estes programas durante o 2019 a entidade contou co apoio económico da Consellería de Política Social.

Proxecto PONTE_COEMPREGO 19

Proxecto dirixido á integración laboral dos colectivos con maior dificultade de acceso ó emprego, principalmente persoas en situación ou risco de exclusión social e persoas inmigrantes de calquera dos concellos da provincia de Pontevedra.

En 2019 participaron neste programa 214 persoas, das cales 113 eran mulleres e 101 homes. Destas persoas 59 pertencían ao colectivo inmigrante.

O fin último que persegue este proxecto é a integración laboral das persoas atendidas. Para tal fin, a Fundación Amigos de Galicia desenvolve diferentes actuacións como son os itinerarios personalizados de inserción así como outra serie de actuacións concretas de cara a acadar a mellora da empregabilidade das persoas atendidas, acadando, como fin último, a súa integración laboral.

Este Programa conta co apoio da Deputación de Pontevedra.

Competencias Clave 19

O Dpto. de Orientación Laboral da entidade en Ourense impartiu durante o ano 2019 a docencia das materias necesarias para a preparación das probas de competencias clave a **22 persoas**

da cidade de Ourense de forma totalmente gratuíta. **Das 22 persoas, presentáronse 17, e 12 superaron as probas.**

Nestes cursos preparouse ás persoas participantes en materias como Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas e Inglés. A superación das Competencias Clave permite ás persoas que non posúen os requisitos formativos necesarios para acceder aos certificados de profesionalidade nivel II. Dado o éxito da primeira convocatoria, no ano 2020, estase impartindo unha segunda edición do Curso de Competencias Clave na cidade de Ourense.

Infografía do proxecto PONTE_COEMPREGO 19 que mostra os cinco pasos do programa: 1. ACTUALIZACIÓN do teu CV, 2. FORMACIÓN en competencias clave e profesionais, 3. ASESORAMENTO itinerarios personalizados, 4. FERRAMENTAS para a procura dun emprego digno, e 5. OFERTAS de emprego e selección. A infografía tamén indica que o programa está dirixido a persoas en risco de exclusión social, inmigrantes, persoas paradas de longa duración, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas con escasa ou nula formación, mozos con escasa formación e/ou experiencia, maiores de 45 anos e persoas perceptoras da RISGA. Ademais, menciona o apoio da Deputación de Pontevedra e o emprego Galicia.

PONTE_COEMPREGO 19

- 1 ACTUALIZACIÓN** do teu CV
- 2 FORMACIÓN** en competencias clave e profesionais
- 3 ASESORAMENTO** itinerarios personalizados
- 4 FERRAMENTAS** para a procura dun emprego digno
- 5 OFERTAS** de emprego e selección

DIRIXIDO A

- Persoas en risco de exclusión social
- Inmigrantes
- Persoas paradas de longa duración
- Mulleres vítimas de violencia de xénero
- Persoas con escasa ou nula formación
- Mozos con escasa formación e/ou experiencia
- Maiores de 45 anos
- Persoas perceptoras da RISGA

Apostamos polo EMPREGO

Intermediación
Boletín de Ofertas
Inserción Laboral
Bolsa de Emprego

Emprego Galicia
Agencia de Colocación Nº 10 120000013
Fundación Amigos de Galicia

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Facebook.com/EmpregoGalicia www.empregogalicia.org



Proserde XII

Subvención da Secretaría Xeral de Emprego dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia para a contratación de traballadores/as desempregados/as polas entidades sen ánimo de lucro, equivalente aos custos salariais dos/as traballadores/as contratados/as, maila cotización empresarial á Seguridade Social derivada de dito salario, resultantes da **contratación de traballadores/as desempregados/as** para a realización de servizos aportados por Fundación Amigos de Galicia.

Durante o ano 2019 desenvolveuse o proxecto **Proserde XII**, para o que foron contratadas **10 persoas para o desenvolvemento do servizo**.

Camiñando por unha integración real

Subvención da Secretaría Xeral de Emprego dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia outorgada á Fundación Amigos de Galicia para a contratación de mozos/as desempregados/as inscritos/as no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil para a realización do servizo **“Camiñando por unha integración real”**. As persoas contratadas desenvolven funcións de seguimento e intervención que precisan as unidades familiares atendidas mediante o **Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social**. Este programa está cofinanciado nun 91,89% polo Fondo Social Europeo e a Iniciativa de Emprego Xuvenil.

Durante o ano 2019 desenvolvéronse os proxectos:

- **“Camiñando por unha integración real”**; polo que foron contratados 3 mozos/as desempregados/as inscritos/as no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. DataS: de contratación: *18/09/2018 – 17/04/2019*
- **Camiñando por unha integración real”**; polo que foron contratados 3 mozos/as desempregados/as inscritos/as no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. Datas de contratación: *28/10/2019*

Atención a Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero e/ou situación de Vulnerabilidade

A Fundación Amigos de Galicia desenvolve ao longo de todo o ano distintos programas, dirixidos a mulleres en situación de vulnerabilidade ou vítimas de violencia de xénero, a través dos cales proporcionábase asesoramento social, psicolóxico, xurídico e/ou laboral, contribuíndo desta forma a mellorar a súa situación persoal, social e/ou laboral. Os programas van dirixidos tanto para as mulleres como para os menores que forman parte do conflito.



Programa de intervención Para Mulleres e Menores víctimas de violencia de xénero

Contamos cun equipo profesional con ampla experiencia en casos de violencia de xénero

Durante o ano 2019 atendéronse un total de **312 mulleres nesta situación**, conseguindo **a inserción laboral de 125**.

Actividades desenvolvidas de sensibilización en materia de igualdade

“Mensaxes contra a violencia de xénero” -25N

Con motivo da conmemoración do **25- N Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller**, persoal e voluntarios/as de Fundación Amigos de Galicia immortalizaron na Praza da Peregrina en Pontevedra mensaxes contra a violencia de xénero ao tempo que informaban ás persoas que se achegaban sobre os diferentes plans e programas que a entidade leva a cabo en materia de prevención e erradicación da violencia de xénero.



FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA

8M

día Internacional da Muller

ciclo de **CONFERRENCIAS**

Educación comeza por i de igualdade

- Ferramentas para educar na **equidade, pluralidade e diversidade** de identidades e roles exentos de desigualdade.
- Promoción da eliminación de **estereotipos de xénero**.

Pontevedra - Casa da Luz - 01/03/2019 - 18:30 h.

Vilagarcía de Arousa - Auditorio - 11/03/2019 - 19:00 h.

Ferrol - Ateneo Ferrolán - 13/03/2019 - 19:00 h.

Ourense - C.C. Marcos Valcárcel - 15/03/2019 - 19:00 h.

Verín - Casa da Cultura - 21/03/2019 - 18:30 h.


FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA www.fundacionamigosdeg Galicia.org

“Educar comeza con I de Igualdade” – 8M

Coa finalidade de sensibilizar sobre a importancia da igualdade de xénero e de eliminar os estereotipos de xénero como medida preventiva da aparición da violencia de xénero, dende a entidade levouse a cabo un ciclo de conferencias de sensibilización dirixidas a persoas usuarias de Amigos de Galicia de diferentes municipios no marco da celebración do **Día Internacional da Muller do 8-M**.

“Un Novo Camiño”

"Un Novo Camiño" é un programa de implementación de itinerarios personalizados co obxectivo de mellorar a situación persoal e social das mulleres participantes; acadar a súa inserción sociolaboral; lograr o seu empoderamento persoal e social e incrementar o seu nivel de autoestima e autoconceito.



Durante o 2019, o programa desenvolveuse en Vilagarcía de Arousa e Pontevedra e as mulleres participantes recibiron a seguinte formación:

- **“Competencias Dixitais e Habilidades para o Emprego”**: impartido en Pontevedra e Vilagarcía de Arousa.
- **“Habilidades Comunicativas para a Atención ó Público”**: impartido en Pontevedra e Vilagarcía de Arousa.
- **“Operacións de Limpeza”**: impartido en Vilagarcía de Arousa.
- **“Atención Sociosanitaria en Domicilios”**: impartido en Vilagarcía de Arousa.

As usuarias realizaron prácticas formativas en Fesán, Achega, Iriña Artesanos S.L. e Zona Aberta.

No mes de outubro de 2019, deu comezo o programa nas cidades de Ourense e Santiago de Compostela co mesmo obxectivo; e actualmente se están impartindo as seguintes formacións:

- **“Competencias Dixitais e Habilidades para o Emprego”**: Santiago.
- **“Habilidades Comunicativas para a Atención Ao Público”**: Santiago e Ourense.
- **“Auxiliar de Comercio”**: Ourense.
- **“Auxiliar de Limpeza”**: Santiago.

Mulleres atendidas en 2019: 58

Insercións 2019: 24

Este programa forma parte das Subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de deseño e implementación de IPIs e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de VX en Galicia. Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

“Galicia Inclúe”

O Programa de Recursos Integrals - GALICIA INCLÚE desenvolveuse no ano 2019 e foi dirixido ó colectivo de mulleres inmigrantes, emigrantes retornados ou refuxiadas. Este programa ten como obxectivo a promoción das capacidades persoais, tratando de restablecer a súa situación social e laboral, evitando a vulnerabilidade social, tratando de lograr a igualdade real e efectiva como propósito último, das mulleres inmigrantes.

Mulleres atendidas en 2019: 92

Insercións 2019: 60

Este programa forma parte das Subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade. *Secretaría Xeral da Igualdade.*

“En Femenino”

EM-FEMENINO, é un programa que a entidade desenvolveu en **5 concellos da provincia de A Coruña**, de cara a proporcionar ferramentas que melloren as opcións laborais das persoas mediante proxectos que abarcan a formación e a realización de itinerarios de inserción personalizada coa finalidade de acadar a inserción no mercado de traballo das persoas atendidas.

Durante o 2019 este programa incluíu formación en **“Repoñedora de grandes superficies”** nos concellos de **Ames, Aranga, Carballo, Coristanco e Ribeira**; e en **“Operacións de Limpeza”** no concello de **Aranga**.

As usuarias realizaron prácticas en Vegalsa e Gadisa.

Mulleres atendidas en 2019: 96

Insercións 2019: 26

Este programa contou coa colaboración da Deputación de A Coruña da liña FOIO0A 2019.



**Entrega de diplomas de formación en Coristanco



“Programa de recursos integrais para mulleres en situación de especial vulnerabilidade e/ou con singulares dificultades que residen na provincia de Pontevedra”

Este programa vai dirixido a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e/ou con singulares dificultades da provincia de Pontevedra ofertando unha serie de servizos, en función das súas necesidades, no eido do asesoramento psicolóxico, asesoramento xurídico, asesoramento laboral e apoio social desenvolvendo, tamén, accións vinculadas ó eido da prevención da violencia de xénero, prioritariamente, ás persoas que polas súas características persoais e de xénero e o seu entorno social e/ou familiar puideron ser susceptibles ó maltrato físico, verbal e/ou psicolóxico.

**RECURSOS
INTEGRAIS
PARA MULLERES
EN SITUACIÓN
DE ESPECIAL
VULNERABILIDADE
E/OU CON
SINGULARES
DIFICULTADES**

SERVIZOS
ASESORAMENTO XURÍDICO // ASESORAMENTO PSICOLÓXICO
INTERMEDIACIÓN LABORAL // APOIO SOCIAL

Dirixido a mulleres da provincia de Pontevedra

 FUNDACIÓN
AMIGOS DE GALICIA  DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

TELÉFONO 986 19 81 05 WWW.FUNDACIONAMIGOSDEGALICIA.ORG

Mulleres atendidas en 2019: 66

Insercións 2019: 15

Este programa contou coa colaboración da Deputación de Pontevedra.

Programas polo Fomento da Igualdade

“Tecendo con fíos de cores”



Este proxecto consistiu en levar a cabo accións/actividades destinadas á traballar a prol da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, así como a defensa dos dereitos de liberdades das persoas e colectivo LGTBQI, dentro da área territorial do concello de Santiago de Compostela.

Para o desenvolvemento do mesmo leváronse a cabo accións tales como; proporcionar información específica á cidadanía sobre a temática, levando a cabo accións entre iguais así como actividades de sensibilización/ normalización con respecto ó tema referido, entre xullo e setembro de 2019.

Especial Protección da Infancia

Todos os nenos e nenas, pola falta de madurez física e mental, precisan de protección e coidado especial, incluso a debida protección legal, tanto antes como despois do nacemento. Convención dos Dereitos dos nenos. (CDN)



***Hugo, primer neno beneficiario do Programa intensivo Spidersuit (Traxes de Superheroes) para menores con parálise cerebral, financiado por Fundación Amigos de Galicia.*

En Fundación Amigos de Galicia somos conscientes da importancia da atención á infancia. Por este motivo, unha das principais misións da entidade é velar polo benestar dos/as menores, un colectivo especialmente sensible .

En 2019 Fundación Amigos de Galicia realizou 13.480 atencións dirixidas a menores de toda Galicia.

Programas desenvolto na Protección Especial da Infancia

Protección Especial - Personación en causas como Acusación Popular en casos de violencia/acoso/abuso/desprotección de menores

En Fundación Amigos de Galicia centramos os nosos esforzos na defensa dos dereitos da infancia. Así se establece no artigo- 6.4 dos nosos estatutos, polo que a entidade “reservarase o dereito a personarse como acusación popular en todos os procedementos xudiciais abertos nos que existan menores desprotexidos/as”. Así como no 6.5, referido á protección da infancia.

LUGO

Amigos de Galicia se persona como acusación popular en el caso de la muerte de la niña de siete años en Muimenta

«Es fundamental que médicos, profesores y asociaciones denunciemos y nos impliquemos en estas situaciones», indican desde la Fundación

AROUSA

Amigos de Galicia se persona en la causa abierta en Cambados por los presuntos abusos sexuales a menores por un salesiano

Amigos de Galicia ejercerá la acusación popular por el triple crimen de Valga

La fundación defenderá en el juicio los intereses de los hijos de Sandra Boquete

OURENSE

Amigos de Galicia se personará en la causa del bebé muerto en 2019

Ao longo do ano 2019 Fundación Amigos de Galicia personouse en catro novos casos que atentan contra os dereitos dos menores.

- **CASO DESIRÉ LEAL:** Unha nena de Cospeito presuntamente asasinada a mans da súa nai.
- **CASO SALESIANOS:** A entidade personouse no caso dun salesiano de Vigo que presuntamente cometeu abusos sexuais a menores durante un campamento de verán en Cambados.
- **TRIPLE ASASINATO DE VALGA:** A entidade actúa en defensa dos dous fillos dunha das mulleres asasinadas neste tráxico acontecemento.
- **CASO BEBÉS MELLIZOS OURENSE:** A entidade persónase no caso dos irmáns mellizos de Ourense.

Ademais destes catro novos casos nos que Fundación Amigos de Galicia se presentou como acusación popular durante o 2019, a entidade está personada nun caso en **Mondoñedo dun menor presuntamente maltratado por membros do seu entorno familiar;** e no caso dun menor de **Vedra**, presuntamente maltratado polos seus proxenitores.

Dende Fundación Amigos de Galicia denunciaremos calquera tipo de violencia/abuso/acoso a un menor, tendo en conta que estes actos afectarán profundamente ao seu desenvolvemento. Por iso, é fundamental que toda a sociedade se implique e denuncie en calquera destas causas.

A defensa e coidado dos menores é tarefa de todas as persoas.



Campaña de Material Escolar - “Nas súas mochilas os seus soños”

No ano 2019, a OCU, preveu que dende o inicio ao final das clases, pais e nais fan fronte a un gasto de entre 1.176,00€ e 6.174,00€. Ademais, **o abandono escolar dispárase en familias pobres**; sendo os peores parados nenos varóns, de familias de menor renda, e en moitos casos de familias estranxeiras.

Cabe resaltar ademais, que existen en Galicia moitas familias inmigrantes, en situación irregular que ao atoparse en esta situación, non poden acceder a ningún tipo de axuda económica da Administración Pública.

Por outra banda, **a carencia de recursos económicos nas que se atopan estas unidades familiares empuxa ós menores ó abandono**

prematureo dos estudos para buscar opcións no mercado de traballo, perpetuando o círculo da exclusión social no que en moitos casos se atopan sumidos.

A solución pasa por garantir unha educación en igualdade de condicións que familias mellor situadas economicamente para, deste xeito, proporcionarlle a estes menores unhas posibilidades reais de saír do círculo da exclusión social no que se atopan sumidos.

No ano 2019, co inicio do curso escolar, dende Fundación Amigos de Galicia levamos a cabo a campaña de material escolar “**Nas súas mochilas os seus Soños**” coa finalidade de garantir que todos os menores en idade de

escolarización das familias en situación de risco ou exclusión social atendidas pola entidade en toda Galicia tivesen acceso ao material escolar que precisan para comezar o curso escolar en igualdade de condicións que o resto dos seus compañeiros/as.

Ademais de entregar material escolar aos fillos e fillas das familias usuarias de Fundación Amigos de Galicia, **tamén se recibiron e atenderon solicitudes por parte de diferentes centros escolares de educación primaria e secundaria**, nos que o equipo educativo detectou casos de menores que pola súa situación económica non tiñan acceso ao material que dende o centro se lles demandaba para comezar o curso.

Grazas á campaña "Nas súas mochilas os seus soños" **Fundación Amigos de Galicia fixo entrega en 2019 de 1.915 mochilas con material escolar** adaptado ao curso escolar de cada alumno/a.

En total, durante esta campaña que se levou a cabo entre o 19 de agosto e o 06 de setembro, **recadáronse 16.594 unidades de material escolar**, das cales 6.089 foron doadas por entidades públicas ou empresas privadas como Orember Finsa, Ingaroil S.L., Fremap Galicia, Alcampo, Salica, Librería Morán, Concello de Cerceda e Asociación de veciños de Meliás que

realizaron doazóns e recollidas internas.

Durante os dous días da campaña de recollida de Material Escolar que se realizou en Alcampo Vilagarcía de Arousa e Alcampo Santiago de Compostela, recadáronse 6.741 unidades de material escolar.

A colaboración de empresas que se habilitaron como punto de recollida de material escolar para esta campaña como a papelería Maño en Caldas de Reis, a librería Castelao en O Grove e Arousa, a Barrybería en O Grove, Papercor Pontevedra, Folder Vigo, as papelerías Carlín e Arines en Vilagarcía de Arousa, Once Minas e Papelería Sanmartín en Santiago de Compostela e librería Queixumes, papelería La Cretiva e La Librería en Ourense, foi fundamental para o bo funcionamento da campaña e permitiu a recollida de máis de máis de 900 unidades de material escolar.



Campaña de Xoguetes de Nadal – “Comparte Ilusión”

En Fundación Amigos de Galicia somos conscientes de que o Nadal é unha das épocas máis especiais para a infancia, que nenos e nenas agardan con ilusión cada ano. Coa finalidade de garantir que todos os nenos e nenas das familias en situación de risco e exclusión social atendidas pola entidade en toda Galicia puidesen atopar un agasallo de Nadal baixo a súa árbore, dende a entidade organizamos un ano máis a **Campaña de Xoguetes “Comparte Ilusión”**.

Grazas a esta campaña e á colaboración de diferentes empresas e entidades, no **Nadal de 2019 entregáronse 2.695 xoguetes novos aos nenos e nenas das familias atendidas en toda Galicia**.

O éxito desta campaña non tería sido posible sen a colaboración de distintas empresas e entidades que, unha vez máis, se puxeron en contacto coa

Fundación para facer doazóns ou promover eventos para recoller xoguetes e alimentos. A Fundación Amigos de Galicia quere expresar o seu agradecemento á Asociación Elfos y Calcetines -que entregou 681 agasaos-, Estudio 1917, Viña Grande de Deiro, Kids and Us Vilagarcía, Fremap Galicia, Fremap Vilagarcía, Alcampo, Cortegada Baloncesto, Zen Energy, Romay, Asociación Rubianes, Finsa, Congalsa, Anedia, Campomayor, Domusvi Santiago, McDonalds (Pontevedra- Vigo- Vilagarcía), Salma Day Center, Waterpolo Pontevedra, Cafetería Bruxelas, Vegalsa, SETGA, Cervecería A Liga, Our Granito de Arena, Las Clases de Tania, SD Compostela, Herdeiros Sar, Ourense Shopping Center, Librería Queixumes, piscina municipal de Marín, CRA de Meis, IES As Bizocas, Inkorporation Tattoo e Centro de educación especial Vilagarcía de Arousa.

Pago de Tratamentos Médicos a Menores con diferentes dificultades no seu desenvolvemento

No ano 2019, Fundación Amigos de Galicia, destinou 10.684,30€ ao pago de tratamentos médicos de nenas e nenos galegos non custeados pola Seguridade Social



Justin é un neno de oito anos de Vilariño de Conso que recibiu un SMG por parte da F. Amigos de Galicia.



Noa é unha nena de tres anos de Verín con diabetes tipo I que recibiu un SMG coincidindo co comezo do curso escolar.

Sistemas de Monitorización de Glucosa

Fundación Amigos de Galicia presta a súa axuda a menores galegos/as con Diabetes Tipo I a través da entrega de sistemas de monitorización de glucosa.

A entidade conta con convenios coas asociacións que atenden a estes nenos e nenas.

O SMG ten un custo medio de de 4.146,00€.

Audífonos

Fundación Amigos de Galicia presta axuda a menores galegos e persoas maiores con dificultades auditivas cuxas familias se atopan en situación de dificultade económica; mediante a entrega de próteses auditivas (audífonos) sen ningún custo para o/a usuario/a, previo informe social. Para iso conta con convenio de colaboración coa Fundación Gaes Amplifón. Os audífonos teñen un custo medio de 3.952,00€, aportando a entidade unha parte. Este proxecto chega a todos os centros escolares de Galicia e aos Concellos.



**COMPROMETIDOS
COA TÚA AUDICIÓN**

Dende **Fundación Amigos de Galicia** e **Área Social de GAES**, iniciase a campaña de financiamento de audífonos. Se tes perda auditiva poderás beneficiarte de:

- ESTUDIO E REVISIÓNIS AUDITIVAS GRATUITAS
- PRUBA DE AUDÍFONOS GRATIS E SEN COMPROMISO
- SUBVENCIÓNIS EN AUDÍFONOS DE ÚLTIMA XENERACIÓN
- PILAS GRATIS

Más información:
672.706.182
comunicacion@fundacionamigosdegalicia.org
www.fundacionamigosdegalicia.org

FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA
GAES área social grupo **amplifon**

CAMPANA DESTINADA AO FINANCIAMENTO TOTAL DE AUDÍFONOS PARA PERSOAS DE GALICIA SEN RECURSOS ECONÓMICOS, ESPECIALMENTE NENOS E NENAS, CO INFORME SOCIAL PREVIO CORRESPONDENTE

Gafas graduadas

Fundación Amigos de Galicia está a disposición de todos os menores galegos/as de familias con escasos recursos que contan con problemas visuais. Para iso, ofrece gafas graduadas a nenos/as para corrixir os seus problemas visuais a tempo; previo informe social.

Este proxecto conta coa colaboración dos centros escolares de Galicia e dos Concellos.

Campañas de Tapóns Solidarios

En Fundación Amigos de Galicia somos conscientes de que en Galicia viven moitos nenos e nenas que padecen dificultades no seu desenvolvemento, ben por problemas no seu nacemento ou por algún tipo de enfermidade. Para ter garantida a súa saúde e mellorar na medida do posible a súa calidade de vida, estes nenos e nenas precisan de tratamentos e terapias especializadas que, en algunhas ocasións non están financiadas pola Administración na súa totalidade.

Por este motivo, Fundación Amigos de Galicia leva a cabo diferentes campañas de recollida de tapóns solidarios que permiten obter recursos económicos para afrontar o pagos destes tratamentos e terapias para os nenos e nenas que as precisan, ao mesmo tempo que se fomenta a reciclaxe de plásticos. Todos os plásticos recollidos son enviados a unha fábrica de reciclaxes plásticas en A Cañiza,

Casos atendidos en 2019

Traxes de Superheroes

